

Os abaixo asinantes cremos necesario facerlle chegar á Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais esta serie de demandas:

- A idiosincrasia da nosa carreira obríganos a estar informados da actualidade, polo tanto consideramos precisa a creación dunha **sala de prensa**.
- Equipar as aulas con **canóns de vídeo** (alomenos algunha máis) permitirían mellorar a calidade da docencia con material multimedia, o cal será moi desexable.
- °centros.
- Cremos necesaria a **separación** da actual **aula de informática en dous** (con algún tipo de barreira móbil), permitindo deste xeito que se poidan impartir clases ao mesmo tempo que @s alumn@s poidan acceder aos recursos informáticos que son fundamentais para o desenvolvemento da vida académica.
- É precisa a **creación de espazos comúns** onde a comunidade podamos relacionar, como por exemplo unha cafetería.
- Esiximos un **sistema de ventilación** axeitado que **non** supoña un **incremento** notable do gasto **enerxético**, como podería ser a intalación dunhas fiestras de maior tamaño.